

Francisco Castro: 'Cómpre un '15M' dos consumidores de medios de comunicación'

César Lorenzo Gil . Francisco Castro (Vigo, 1966) levántase ás cinco da mañá como miles de vigueses que traballan na Citroën. El faíno porque sabe que ese é o único xeito de ser escritor en galego, roubándolle horas ao sono. Agora presenta a súa última novela, *In vino veritas* (Galaxia), a súa achega 'paródica' ao xénero policial que contén varias cargas de profundidade contra o telelixo.

🕒 09.09.2011 | 18:47



Francisco Castro. CQL

Na contracapa do seu libro fala de parodia da novela negra mais *In vino veritas* parece máis unha deconstrución do xénero policial onde o cerne é a crítica social, especialmente contra a televisión.

Comparte coa maioría dos meus libros ese factor de crítica social. Eu creo na literatura como ferramenta de evasión pero tamén como xeito de falar do mundo. Quería ser explicitamente crítico cos medios de comunicación e cos consumidores de determinados contidos televisivos. Pero tamén é certo que quixen facer parodia do xénero negro. Non son un grande afeccionado á

literatura negra pero apetecíame xogar coas estritas normas do xénero, de aí que encabecen os capítulos os puntos do decálogo de Raymond Chandler sobre a literatura policial.

A parodia moitas veces nace da admiración ou do coñecemento pormenorizado dun ámbito. Por que lle apetecía achegarse a un xénero que lle era indiferente?

Sobre todo porque estou canso da personaxe do detective investigador que canoniza a novela negra. Paréceme artificial de máis. Eu coñezo detectives que traballan en casos de divorcio, que espían traballadores de baixa e adolescentes de botellón e consideraba de xustiza crear un investigador real, alguén que os profesionais sentisen como máis próximo que os personaxes das novelas. A distancia entre un investigador literario dun real é igual de grande que a que existe entre Gregory House e os médicos de verdade.

A novela negra goza de grande éxito neste intre, aínda que moitas delas teñan poucos valores literarios. Como se explica que un libro policial predispóna o lector en positivo?

Calquera obra de ficción, e niso insisto nos obradoiros de Escritura Creativa que dou, debe ter intriga, debe conseguir que o lector, logo de ler o capítulo segundo, teña ganas de ler o terceiro, e así sucesivamente. Iso o xénero policial conségueo por defecto. Con esta novela é a primeira vez na que os que a están a ler me comentan: "Oe, que xa sei quen é o culpábel", "mira que tal personaxe non me é de fiar"... Ese xogo co lector no que el pode adiviñar ou anticiparse ao que vai pasar é un elemento moi atractivo.

O cerne do libro é a crítica ao telelixo. Ten unha relación política o grande éxito dos programas do corazón e da explotación da intimidade na televisión?

Por suposto. E tamén co modelo educativo e socioeconómico no que vivimos. De seguirmos o camiño cara á banalidade, se afondamos no fomento da pobreza intelectual, está sementado o campo para actitudes case fascistas. Arestora, a escola non forma intelectual e culturalmente. A sociedade en xeral é incapaz de entender un artigo de opinión, foxe dun filme se ten "demasiados diálogos". Como unha cidadanía así vai reflexionar sobre as causas da crise ou ter pensamento crítico? Entre todos estamos preparando a apoteose da barbarie.

Pero os produtores televisivos afirman que o éxito deses programas crea un círculo vicioso. A xente veos, os anunciantes pagan e o negocio aumenta. Cando alguén tenta outra cousa, a audiencia non o segue.

Se houbese vontade política por regular ese mercado, acababa a escusa. Onde está o límite do aceptábel? O noso país xa tivo outra televisión. Cando se lanzaron as canles privadas falábase de que a libre competencia aumentaría a calidade. Ao día seguinte triunfaban as Mamá-Chicho en Telecinco! Se antes podíamos ver na tele programas como *La Clave*, de José Luis Balbín, onde se debatía, con rigor e calma, sobre temas serios horas e horas nunha nube de fume de tabaco, por que agora nos conformamos coas trifulcas entre Belén Esteban e os irmáns Matamoros? O que pasa é que ao poder interésalle unha poboación "ocupada" no frívolo, pendente de *Supervivientes*, dos triunfos de *La Roja*... Así non pensa nas cousas graves nin busca saída.

E hai saída para ese modelo de medios de comunicación?

A min gustaríame unha especie de 15-M nos medios, que a xente se indignase e apagase a televisión, que se notase nas audiencias o cambio de actitude. De todos os xeitos, confío cada vez menos no valor dos medios tradicionais –especialmente televisión e prensa escrita– para contar o mundo que me interesa. É na internet onde flúe todo con moita máis liberdade. Pensemos que a cultura galega onde resiste é na rede. Nos quioscos e librarías somos ínfimos pero podemos conectarte da mañá á noite e só consumir contidos en galego e non dás feito.

Pero as noticias máis lidas na internet son tan frívolas coma as da televisión.

Loxicamente, os que seguen a Belén Esteban tamén son internautas pero iso non é o importante, o revolucionario é que temos unha saída para algo distinto. Con moito sacrificio, con moito voluntarismo, con moita militancia, pero a cultura galega e a cultura en xeral teñen unha oportunidade de supervivencia e de aumento de influencia na sociedade. Por fin podemos saber que pasa a pesar das preiteiras dos medios co Estado e cos anunciantes porque aínda que o xornal non informe de algo "pouco interesante" para o poder, alguén vai colgar un vídeo, facer unha convocatoria, difundir unha idea...

'Dependemos demasiado do ensino'

In vino veritas é unha novela negra pero vostede mantivo o seu estilo de narrador omnipresente e reflexión sobre o labor do escritor. Non tiña medo de que ese modelo entorpecese a lectura?

Cos anos que teño, sei o que quero e o meu estilo van canda min. Pero era consciente desa dificultade. Por iso o proceso de escrita desta novela foi dos máis complicados que vivín. Dediqueille dous anos até o 2008 e tras acabala, decidín metela na gabeta. Publiquei desde entón *Chamádeme Simbad* e *O segredo de Marco Polo* e hai uns meses volvíñ coller o mecanoscrito de *In vino veritas* armado cun rotulador vermello e corrixín a novela. Probabelmente era máis "doado" renunciar ao narrador pero considero que a miña voz debe estar presente e intervir opinando sobre o que me parece.

Vostede tamén escribe libros para rapaces e adolescentes. Cambia a maneira de enfrontarse a cada un dos públicos?

Hai quen di que son os editores os que lles poñen as etiquetas aos seus libros, eu digo que non. Cando escribo para meniños a trama é simple e liñal; cando o fago para mozos, hai certa complexidade narrativa pero a lingua quero que sexa accesíbel. Na literatura para adultos é onde crebo os límites expresivos e arrisco.

Galiza ten unha excelente canteira de escritores para nenos e mozos. Na actual conxuntura de recortes educativos, é posíbel que se perda o mercado dos máis novos e haxa menos títulos?

Existe unha enorme e triste dependencia do sistema de ensino. Precisamos un mercado pleno e autónomo coma o catalán. Esta valoración serve para o audiovisual ou para a prensa en galego, con lixeiros matices. O noso problema como cultura é que mentres a nosa produción cultural é de primeira división a todos os niveis e conseguiu normalizarse como expresión dunha identidade galega, o país como sociedade non é normal. Os que producimos cultura: escritores, editores, músicos, cineastas, actores, xornalistas... somos heroes porque a entrega e o esforzo non están pagos, porque a recompensa económica e social é exigua. Podemos botarlle a culpa aos poderes e á forza da cultura do Estado pero ás veces estrañas maior atención daqueles que para outras cousas si se senten identificados coa cultura propia. Se os que se senten desgustados cos ataques ao galego consumisen os produtos en galego teríamos unha cultura sustentábel e digna.

A pesar dese heroísmo, na literatura o 90% do que escriben os nados en Galiza está en galego. Non sería máis lóxico escribir na lingua do comercio?

E o que é máis importante. Os que temos 45 anos ou menos non chegamos á literatura como militantes ou para cubrir un oco ou para continuar as tradicións temáticas e literarias da Tradición. Non, chegamos á escrita porque queremos facer literatura, sen máis etiquetas. Eu non fago literatura galega, fago literatura, que é galega porque eu son galego e o idioma de Galiza é o galego, nada máis. Esa postura "profesional" diante da escrita convértenos en escritores moi modernos, á altura dos nosos colegas en calquera parte do mundo. Eu quero que cando me traduzan un libro, o lector sinta ese texto como propio, que se identifique cos personaxes e a historia, non que faga unha lectura "etnográfica". Non me parece casual que sexan os autores infantís e xuvenís os primeiros que conseguiron ser traducidos masivamente.

Nesa busca da profesionalidade, certos gurús aseguran que o libro electrónico é máis positivo para o autor porque o libera de intermediarios. Que opina vostede?

É un debate de moi moi longo percorrido. Arestora en España só hai vendidos 200.000 aparellos de lectura electrónica. Iso non é nada, non dá para falar de mercado. As vendas de libros electrónicos no Estado supoñen o 0,3% do total de libros. Nos países anglosaxóns a cousa vai moito máis avanzada pero aínda tampouco dá para tirar conclusións sobre que cambios vai supoñer na relación entre autor-editor-libreiro-lector.

O libro electrónico non é máis incómodo ca o de papel e amais nin sequera é máis barato?

Coincido con esa apreciación. O libro de papel é un grande invento. Esa vantaxe do electrónico din os gurús que estará nos libros enriquecidos, volumes nos que ao tempo que les podes escoitar as músicas da historia, ampliar información sobre os personaxes, ver infografías ou vídeos... Segundo estes expertos, o libro electrónico debería ser máis caro ca o tradicional porque abre un mundo novo. Seguro que pronto veremos autores e editores apostando por ese novo formato pero a crise económica vai ralentizalo todo. Vivimos un tempo de recortes brutais contra a cultura. É curioso que neste tema non se cumpre a lei xa que é obriga do Estado e da Xunta apoiar a creación e a difusión cultural como valor estratéxico. Non poden escudarse na crise porque un dos cometidos da administración pública é ese.

Pode a crise danar irremediabelmente a cultura galega?

Eu son optimista porque a crise vains obrigar a espabilar, a ser imaxinativos e combater. Pase o que pase, a min ninguén me vai quitar de escribir. Eu seguirei levantándome cada día ás cinco da mañá para facer o que máis me gusta.